

MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DO DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE VIGO POLA QUE SE PUBLICA O LISTADO DE PERSOAS ASPIRANTES SELECCIONADAS NO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO AO PERMISO DE EXPLOTACIÓN DE MARISQUEO A PÉ NA MODALIDADE DE MARISQUEO XERAL PARA O EXERCICIO DA ACTIVIDADE EXTRACTIVA NO ÁMBITO DA CONFRARÍA DE VILAXOÁN, E SE ABRE O PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN

ANTECEDENTES

1. A Confraría de Pescadores de Vilaxoán ten aprobado un plan específico de xestión de moluscos bivalvos a pé en zonas de autorización para o período 2024-2026.
2. Na ficha do plan de xestión aprobado, no apartado correspondente a "*Participantes no plan de xestión*", indícase un número máximo para o desenvolvemento do plan de 70 persoas.
3. O 30 de maio de 2024 a Confraría de Vilaxoán solicita o inicio dun proceso selectivo para cubrir 8 prazas vacantes. Xunto coa solicitude achega escrito, asinado polo Patrón Maior e o Presidente da Agrupación de mariscadores a pé, no que se xustifica a petición de cobertura das 8 prazas.
4. Mediante Resolución do Departamento Territorial de Vigo, do 13 de maio de 2024, convócase un proceso selectivo para acceso a oito (8) prazas de marisqueo a xeral a pé na confraría de Vilaxoán. Ábrese un prazo de 15 días hábiles para presentación de solicitudes.
5. Mediante Resolución do Departamento Territorial de Vigo, do 23 de xullo de 2024, publícanse as listas provisionais de admitidos no proceso selectivo coa puntuación acadada. Houbo unha (1) solicitude excluída do proceso. Ábrese un prazo de 15 días hábiles para efectuar alegacións. Presentouse 1 escrito de alegación, que foi desestimado.
6. Despois da revisión das puntuacións acadadas polos participantes no proceso, compróbase que nas listas de admitidos hai 17 persoas empatadas coa puntuación máxima de 10 puntos. Por haber máis persoas con 10 puntos que prazas convocadas, débese realizar un sorteo segundo o establecido na normativa vixente. Por este motivo, o 20 de agosto de 2024 foi comunicada a realización dun sorteo en presenza das persoas afectadas, que se celebrou neste Departamento Territorial o día 27 de agosto de 2024. A acta do sorteo foi publicada o mesmo día da súa celebración.
7. Mediante Resolución do Departamento Territorial da Consellería do Mar en Vigo do 28 de agosto de 2024 publícase a lista definitiva de persoas seleccionadas e da de persoas non seleccionadas. Esta última constitúe una lista de reserva. Ábrese un prazo de 15 días para que as persoas seleccionadas acheguen a documentación necesaria. Unha vez finalizado o prazo de presentación de documentación, conséntase que unha (1) das oito (8) persoas seleccionadas non presentou a documentación requirida.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Este Departamento Territorial é o órgano competente para o outorgamento dos permisos de explotación de conformidade co establecido no Decreto 425/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación para exercer a actividade pesqueira e marisqueira, modificado polo Decreto 114/2007, de 31 de maio e polo Decreto 48/2013, do 7 de marzo.



2. A Orde da Consellería do Mar do 15 de xullo de 2011 pola que se regula o permiso de explotación para o marisqueo a pé (DOG nº 144 de 28 de xullo de 2011) establece no seu artigo 7 a constitución dunha lista de reserva integrada pola relación definitiva de persoas non seleccionadas que non foron excluídas do procedemento selectivo, cunha vixencia dun (1) ano que se contará desde o día seguinte ao da resolución do departamento territorial.

3. Unha vez finalizado o prazo de presentación de documentación indicado na Resolución do Departamento Territorial de Vigo do 28 de agosto de 2024, constátase que unha (1) das oito (8) persoas seleccionadas, non presentou a documentación necesaria, polo que de acordo co indicado nas bases da convocatoria, as persoas que, dentro do prazo fixado, non presentasen a documentación ou que, da revisión da mesma, se deducise que carecen dalgún dos requisitos sinalados, entenderase que desisten da súa solicitude. Neste suposto, emitirase unha nova resolución modificando esta, de acordo aos prazos e forma recollidos nos parágrafos anteriores, declarando seleccionada/s a/s persoa/s que figuren na lista de reserva pola desistencia das persoas que non presentaron a documentación ou carecen dos requisitos.

3. Correspóndelle a este Departamento Territorial ditar esta resolución de acordo co disposto no Decreto 245/2009 do 30 de abril, polo que se regulan as delegacións territoriais da Xunta de Galicia.

Á vista do exposto, este departamento territorial, en virtude das competencias atribuídas,

RESOLVE:

1. **Declarar desistida** da súa solicitude no proceso selectivo á seguinte persoa :

Apelidos e nome	D.N.I.
SERANTES LOUZAO, MARTA	* * * 7894 * *

2. **Modificar** a lista definitiva para cubrir unha (1) praza vacante e publicar o nome da **seguinte persoa seleccionada** para o outorgamento do permiso de explotación de marisqueo a pé na confraría da Vilaxoán:

Apelidos e nome	D.N.I.
VILLANUEVA VICENTE, BEATRIZ	* * * 6301 * *

Nota: ocúltase parcialmente o número de D.N.I. en aplicación das garantías de protección da súa divulgación, seguindo o establecido pola Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e Garantía dos Dereitos Dixitais en relación á identificación dos interesados nas notificacións por medio de anuncios e publicacións de actos administrativos, así como a orientación para a súa aplicación da Axencia Española de Protección de Datos.

A persoa seleccionada disporán dun prazo de **quince (15) días hábiles**, contados a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución, para achegar a documentación que figura na base 3.2 do Anexo A da convocatoria:

a) **Certificado de estar empadroad/a*** nun municipio do litoral de Galicia.

b) **Certificado da Seguridade Social*** de non ser perceptor de pensións de xubilación, grande invalidez, incapacidade permanente absoluta, incapacidade permanente total, en favor de familiares ou perceptor da renda de integración social de Galicia.

c) **Certificado profesional correspondente. Certificado de mariscadora a pé.**

Departamento Territorial de Vigo
Rúa Concepción Arenal, 8-4º andar
36201 Vigo (Pontevedra)
Tel.: 986817104
recursosmarinos.cmm.vigo@xunta.gal



** Non se precisará presentar esta documentación no caso de consentimento expreso da persoa interesada, mediante consulta ao sistema de verificación de datos, dacordo co Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde do 7 de xullo de 2009.*

d) Documentación que acredite non estar incapacitada/o para exercer os labores de marisqueo.

Esta documentación deberá dirixirse á Xefatura Comarcal de Carril en Vilagarcía de Arousa

De acordo co disposto no Decreto 425/1993, do 17 de decembro e a Orde do 30 de decembro de 2015, a persoa seleccionada que presentou a documentación dentro do prazo establecido, para o outorgamento do permiso de explotación deberán cumprir, ademais:

- **Non ter sancións firmes en vía administrativa en materia de protección de recursos mariños, pendentes de pagamento.**

Se algunha das persoas interesadas non presentasen a documentación dentro do prazo fixado, ou se, do exame da mesma se deducise que carecen dalgún dos requisitos sinalados na Base I.1, entenderase que desisten da solicitude. Neste suposto, emitirase unha nova resolución, consonte cos prazos e coa forma contemplados nos parágrafos anteriores, declarando seleccionadas as seguintes persoas da lista de non seleccionados.

A presente resolución publicarase no taboleiro de anuncios do Departamento Territorial de Vigo e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>.

Esta convocatoria tamén estará exposta, con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios das Xefaturas Comarcais de Vilagarcía de Arousa e de Pontevedra, así como no taboleiro de anuncios da confraría.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Conselleira do Mar no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución, de acordo co establecido nos artigos 30, 121 e 122 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A directora territorial
María Elena Suárez Sarmiento

